

## LITERATURA INFANTIL E XUVENIL • ELOS DE LECTURA

COORDINA Blanca-Ana Roig Rechou




### ‘Ceiba de Luz’, de Manuel Lourenzo González

TEXTO Giulia Vezzaro  
LITER21-USC

Os vellos misterios e as lendas máis antigas sempre souberon cativar aos homes polas máis distintas razóns: avaricia, desexo de riqueza ou éxito, afán de coñecemento, necesidade de saber que hai algo máis grande e poderoso que o ser humano ou simple curiosidade. Sempre existe algunha razón que nos empurra á aventura para achar o que o mundo nos oculta.

Destes e doutros temas trata a derradeira obra do profesor e escritor Manuel Lourenzo González (Vilaboa, 1955), titulada Ceiba de Luz (Xerais, 2017) publicada na colección xuvenil “Fóra de Xogo”, e coa que obtivo o Premio Jules Verne, que se sumou a outros na súa polifacética traxectoria como, por exemplo, o Facho en 1990, o Premio Xerais en 2008 e o Premio Blanco Amor en 2011. A historia conta a aventura dun grupo de dezaioito persoas entre españolas e peruanas, todas eminencias recoñecidas nos seus campos científicos que,



despois do descubrimento dunha pequena estatua de ouro macizo con características precolombinas, organiza unha expedición á selva amazónica durante dous meses que lles levará a achar a lendaria El Dorado. Á ambientación latinoamericana débese parte do título, pois a ceiba é unha das plantas

autóctonas do Amazonas, considerada sagrada por moitas tribos da zona.


A narración desenvólvese de maneira lineal (coa excepción do segundo capítulo cunha analepse que dá a coñecer os dous anos de preparativos anteriores á expedición) e está guiada por un narrador extradiexético onmisciente que o ve e o sabe todo. Sorprende a cantidade de detalles relacionados coa historia, as tradicións e a natureza deses lugares, cos que o autor enche e fai aínda máis interesante a lectura, subliñando tamén a súa gran preparación. Ademais da excelencia do estilo narrativo, o que guía ao lector polas historias dos varios personaxes son eles mesmos a través duns diálogos dinámicos e moi ben estudados que axudan a coñecer mellor, a entender o por que das súas relacións e reaccións.

As complicadas condicións da expedición, os roces entre compañeiros e os asasinatos que se producen durante os dous meses de convivencia levan o lectorado a gozar da historia e tamén a hipótese da existencia dun mito e de rituais máis antigos que o descubrimento da América cos que remata a obra.

Ceiba de Luz é, sen lugar a dúbidas, un dos libros de literatura xuvenil máis logrados do pasado ano porque sabe emocionar, marabillar e cativar tanto a adultos como a mozos desde as primeiras liñas.

### Ai, Pippi! Canta falta nos fan nenas coma ti!

TEXTO Raquel Senra Fernández  
ELOS



Hai quen pensa que a obra Pippi Mediaslongas, publicada orixinalmente en 1945, conta as aventuras dunha cativa maleducada e mentireira, mais esta historia está chea de humor, de liberdade e de xustiza cara aos máis débiles e os animais.

Pippi non convive con adultos que lle digan o que está ben ou mal, polo que o seu universo está cheo de posibilidades ou, canda menos, de posibilidades diferentes ás que calquera crianza pode ter. Unha historia que rompe con todos os estereotipos e abre o debate sobre o carácter adoutrinante da Literatura Infantil e Xuvenil.


A exitosa autora sueca Astrid Lindgren (Vimmerby, 1907-Estocolmo, 2002), gañadora do Premio Hans Christian Andersen en 1958, defendeu os dereitos da infancia e das mulleres, así como dos animais, tal e como se pode ver reflectido nesta serie literaria. A narración en terceira persoa e omnisciente cóntanos todo o que pasa pola mente dos personaxes e combínase con diálogos que aportan dinamismo e fan a lectura moi amena. Foi David Álvarez Martínez (A Estrada, 1972) quen fixo posible que hoxe podamos ler esta historia universal en lingua galega. Co seu traballo logrou que o máis complexo de traducir, como poden ser xogos de palabras, cancións ou rimas, o percibamos como próximo. Realmente conseguiu que vivamos o que acontece en Vilapanela como historias que están moi preto de nós. A artista Ingrid Vang Nyman (Vejen, 1916-Copenhague, 1956) realizou as ilustracións que a editorial Kalandraka recupera para esta edición. Son imaxes de liña en gama de grises, agás a da cuberta que é a toda cor, e que, con trazos sinxelos e cheos de detalles, consegue dar dinamismo ás escenas que escolleu representar. Quen non coñeza a Pippi Mediaslongas de seguro perde a oportunidade de pasar un bo rato, de crear historias surrealistas e de vivir nun mundo mellor! [raquel.senfer@gmail.com](mailto:raquel.senfer@gmail.com)

### A Literatura Infantil portuguesa faise historia

TEXTO Rocío García  
USC-CRPIH

A profesora e investigadora Sara Reis da Silva, doutora en Literatura Infantil, dá conta da escaseza de concrecións teóricas existente nos estudos historiográficos da Literatura Infantoxuvenil portuguesa e ofrece uns breves apuntes que intentan, en parte, paliar dita lagoa. Estes Capítulos da Historia da Literatura Portuguesa para a Infancia, publicados por Tropelias e Companhia, destácanse como un instrumento imperdible para mediadores de lectura, estudiosos, críticos e público en xeral.

Grazas á lectura e reflexión posterior de propostas como esta, será posible formar unha nova xeración de mediadores sensíbeis ás posibilidades da Literatura Infantoxuvenil, dotados das ferramentas teóricas e histórico-críticas precisas para poder contaxiar a lectura, para crear lectores literarios dentro e fóra das súas aulas, que se deleitan e aprenden a través das realidades accesíbeis a través dos libros.



### Un interesante novo número da revista ANILIJ

TEXTO Carmen Ferreira  
ICE-USC

A finais de 2017 a Asociación Nacional de Investigación en Literatura Infantil e Xuvenil (ANILIJ), que ten a súa sede na Facultade de Filoloxía da Universidade de Vigo, sacaba do prelo o número 15 do seu Anuario de Investigación en Literatura Infantil e Xuvenil. Nel ofrécense once traballos de distintos investigadores que, cun carácter interdisciplinar, contribúen á difusión do coñecemento e á reflexión sobre a Literatura Infantil e Xuvenil.

Abórdanse, entre outras, cuestións sobre a formación lectora de textos literarios, a subversión de arquetipos femininos de bruxas, princesas e fadas do conto marabilloso, a literatura infantil de Mario Vargas Llosa, a selección literaria para unha biblioteca infantil móbil, a intertextualidade humorística no cine de animación, a problemática traditolóxica, a análise dos libros de ilusións ópticas e a presenza das mulleres viaxeiras na literatura infantil.

[verinesa@yahoo.es](mailto:verinesa@yahoo.es)



### Crocodilos con letras: un alfabeto de M. Sendak

TEXTO Sara Reis da Silva  
UMINHO/ELOS/LIJMI

En 2017 Kalandraka Editora, no seu labor de recuperación da produción do xenial creador Maurice Sendak (1928-2012), publicaba Vida de Crocodilo, un alfabeto que viu a luz orixinalmente en 1962. Estructurado a partir do abecedario, o texto verbal artéllase con divertidos cadros visuais, cromaticamente contidos, todos dominados por unha familia de crocodilos. Palabras e ilustracións están marcadas polo humor do insólito dalgunhas situacións cotiás recreadas destes animais personificados. Salienta o discurso conciso e simple en primeira persoa do plural aderezado de rimas e repeticións fónicas, con aliteracións e asonancias, que conforman un estimulante xogo de sons que favorece a memorización.

Un volume moi atractivo e útil para quen dá os primeiros pasos na aprendizaxe das letras, das palabras e da lectura, en concreto, da literaria, e para quen queira gozar coa arte e o sentido de humor de Sendak. [sara\\_silva@ie.uminho.pt](mailto:sara_silva@ie.uminho.pt)

